



FUNDACIÓN GALEGA  
DE INVESTIGACIÓN  
SANITARIA IDIS



# **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (FIDIS)**

TRAVESÍA DA CHOUPANA S/N  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tel. +34 981 955 082  
<https://www.idisantiago.es/empleo/>

## Primeira. - Normas xerais

**1.1.-** Obxecto: convócase proceso selectivo para a contratación temporal de persoal segundo as características que se detallan:

|                                           |                                                                                                                         |
|-------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Código da convocatoria:</b>            | 050/2025                                                                                                                |
| <b>Posto a desenvolver:</b>               | Director/a técnico/a                                                                                                    |
| <b>Categoría Profesional:</b>             | 1.2 3 Titulado/a Graduado/a I                                                                                           |
| <b>Número de prazas:</b>                  | 1                                                                                                                       |
| <b>Titulación requirida:</b>              | Licenciatura, Grao > 300 ECTS adscritos ó nivel 3 (Máster), Grao con Máster (>300 ECTS), Diplomatura con Máster Nivel 3 |
| <b>Centro de traballo e localización:</b> | Santiago                                                                                                                |
| <b>Código do expediente:</b>              | JA EU4H-2023-JA-0                                                                                                       |
| <b>Entidade financiadora:</b>             | Comisión Europea                                                                                                        |
| <b>Duración:</b>                          | Ata fin proxecto ou financiación (Duración prevista 2 anos)                                                             |
| <b>Modalidade contractual:</b>            | Contrato indefinido científico-técnico (100)                                                                            |

As condicións laborais do posto rexeranse polo establecido no Convenio Colectivo da FIDIS.

**1.2.-** Funcións do posto: baixo a supervisión funcional do/da líder de grupo e a supervisión da Dirección da FIDIS, coas que deberá colaborar e cooperar, corresponderanlle as seguintes funcións:

### • Funcións Xerais:

- Desenvolver a planificación do proxecto, coordinando e supervisando as tarefas necesarias para abordar o proceso de certificación do modelo de CCC proposto polo Servizo Galego de Saude para a fase de pilotaxe de EUNETCCC.
- Recompilar, organizar e manter toda a documentación necesaria para o proceso de acreditación do CCC de Galicia.
- Establecer un sistema de indicadores para a medición do avance do proxecto que permitan detectar desviacións do progreso a tempo e aseguren o éxito do proceso de certificación.
- Preparar e presentar informes periódicos sobre o avance do proxecto de acreditación e sobre calquera incidencia relevante, tanto ao órgano de goberno do mesmo como á estrutura de coordinación e supervisión do proxecto na Consellería de Sanidade.
- Desenvolver todas aquelas propostas que lle sexan requiridas pola estrutura de coordinación e supervisión do proxecto na Consellería de Sanidade e/ou o órgano de goberno do Galician-CCC. Poderán abarcar ámbitos clave como a gobernanza (que será establecida pola Consellería de Sanidade), a investigación, educación e a atención ao paciente, incorporando un modelo de madurez para a autoavaliación e a mellora continua, segundo os estándares de certificación definidos dentro de EUNETCCC.
- Facilitar a comunicación e colaboración entre os distintos implicados (servizos, áreas sanitarias, entidades educativas e de investigación) no proceso de certificación, proporcionando apoio metodolóxico continuo aos profesionais implicados no mesmo.

• **Funcións Específicas:**

- Establecer e coordinar un programa de formación para todo o persoal implicado, enfocado nos estándares de calidade e procedementos do modelo de certificación e desenvolvido a partir do modelo de capacitación definido no paquete de traballo correspondente da JA EUNETCCC.
- Dar soporte ao proceso de autoevaluación inicial a través da ferramenta estandarizada desenvolvida dentro da JA EUNETCCC
- Identificar áreas de mellora nos procesos e procedementos do Galician-CCC e propoñer plans de acción para asegurar a mellora continua e o cumprimento dos estándares de acreditación, realizando o seu seguimento.
- Impulsar as estratexias e plans de mellora a aplicar no CCC de Galicia para ofrecer unha atención integral na nosa comunidade. Colaborar cos dispositivos asistenciais na estruturación dos circuitos e traxectos de pacientes do Sergas a través da normalización da abordaxe integral do cancro mediante equipos asistenciais multidisciplinares dos centros sanitarios da rede pública galega.
- Colaborar coa elaboración de procesos asistenciais integrados no ámbito do Servizo Galego de Saúde así como o establecemento de protocolos, estándares, indicadores e rexistros que soporten o funcionamento do Galician-CCC, favorecendo e dando soporte técnico á súa implantación para alcanzar os estándares e límites do proceso de acreditación.
- Desenvolvemento dun cadro de mandos que asegure que o órgano de goberno do CCC obtén as cifras financeiras clave sobre os custos de funcionamento do centro e os investimentos con fins asistenciais e de investigación
- Desenvolvemento, en colaboración dos axentes implicados, de protocolos e procedementos normalizados de traballo asistenciais, de investigación, educación e formación. Desenvolvemento de políticas de control e garantía da calidade. Desenvolvemento de procedementos de seguridade en base aos principios da ética e a integridade da investigación, a excelencia científica, o respecto e o exercicio dos dereitos dos/as pacientes ou similares.
- Establecer un proceso de avaliación continua e auditoría en base aos estándares do modelo de acreditación, que permitan monitorar de forma constante o grao de avance na consecución do cumprimento dos estándares do Galician-CCC durante o proceso de certificación.
- Asegurar unha metodoloxía que asegure que todas as evidencias necesarias para o proceso de acreditación atópanse actualizadas e dispoñibles par o proceso final de auditoría.
- Supervisión e coordinación do persoal ao seu cargo.

**1.3.-** O procedemento de selección será o de concurso de méritos relacionado coas funcións propias do posto e complementado cunha entrevista persoal.

**1.4.-** A FIDIS asinará coa persoa seleccionada o correspondente contrato de traballo laboral ao que lle resultará de aplicación o establecido na lexislación vixente que resulte de aplicación e particularmente, pola Lei 17/2022, que modifica a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación (BOE de 2 de xuño), pola Disposición Adicional quinta do Real Decreto-Ley 32/2021, de 28 de decembro, o Estatuto dos Traballadores, aprobado por R.D. Legislativo 2/2015, de 23 de outubro e, no seu caso, Disposición Adicional Primeira da Lei 43/2006, e polo Convenio Colectivo da FIDIS número 15101012012021.

A duración do contrato estará condicionada á existencia de financiamento.

**1.5.-** A persoa contratada estará sometida ao réxime xeral de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, e disposicións complementarias.

**1.6.-** Ao abeiro do disposto na normativa de referencia en materia laboral, procédese á publicación do anuncio indicativo do dito proceso selectivo no Diario Oficial de Galicia, no seu caso, e na páxina web: <https://www.idisantiago.es/empleo/>.

## Segunda. - Requisitos das persoas aspirantes

Para seren admitidas no proceso de selección, as persoas aspirantes deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e manter ata o momento da firma do contrato os seguintes requisitos:

**2.1.- Nacionalidade:** ter nacionalidade española, ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou ser nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de idade dependentes.

Así mesmo poderán participar as persoas estranxeiras, sendo requisito que no momento da formalización do contrato, dispoñan de residencia legal en España.

**2.2.- Capacidade legal:** ter cumpridos dezaseis anos de idade.

**2.3.- Capacidade funcional:** posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

**2.4.- Habilitación:** non estar inhabilitada para o desempeño de funcións públicas, nin ter sido separada mediante expediente disciplinario de calquera das administracións públicas ou entidades pertencentes ao sector público. En caso de nacionais doutros Estados, non ser inhabilitada, ou en situación equivalente, nin ser sometida sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

**2.5.- Titulación Académica:** estar en posesión da titulación requirida na presentes bases de convocatoria, segundo a categoría á que se opte. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán de posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

## Terceira. - Presentación de solicitudes

**3.1.-** Dentro do **prazo de 10 días naturais** dende o día seguinte a súa publicación oficial, aquelas persoas que desexen participar no proceso selectivo deberán dirixir as súas solicitudes a través da páxina <https://www.idisantiago.es/empleo/>, achegando:

- a) Curriculum vitae: onde se acredite a súa traxectoria e experiencia profesional, así como os títulos, cursos e diplomas obtidos que se valorarán, no seu caso, no proceso de selección.
- b) Titulación: Para acreditar a titulación académica a persoa aspirante deberá presentar copia compulsada do título. Poderá aportar o PDF de autorización que conteña a clave para a verificación da Inscripción do título universitario na RNTUO.

*A verificación de títulos universitarios oficiais inscritos no RNTUO realízase accedendo á sede electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional a través do seguinte enderezo: <https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/general/99/997950/ficha.html>.*

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

- c) Acreditación da experiencia profesional mediante informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, e certificado expedido polos órganos competentes en materia de persoal da correspondente organización onde veñan desempeñando os servizos especificando a categoría, funcións e período (con data de inicio e final do contrato) nos que estivo traballando a persoa aspirante. A experiencia profesional no ente convocante apreciarase de oficio.
- d) Copias de certificados de asistencia a cursos ou similares directamente relacionadas coas funcións propias do posto obxecto desta convocatoria. Será necesario que figure o número de horas certificadas. Só se valorarán os cursos de formación realizados con posterioridade á obtención do título esixido para o acceso ao posto a que se opta.
- e) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter conflito de interese con ningunha das persoas que teñen responsabilidade na execución do proxecto e/ou actividades relacionadas co obxecto da convocatoria e con ningún dos membros do tribunal de selección. A persoa solicitante acepta expresamente que a FIDIS poida proceder ao cotexo da información correspondente.
- f) Certificado de discapacidade igual ou superior ao 33%, no seu caso.

**3.2.-** Expirado o prazo de presentación de candidaturas, a FIDIS disporá dun **prazo de 5 días hábiles** para a revisión da documentación presentada e poderá solicitar corrección á persoa solicitante, concedendo un prazo improrrogable de 2 días hábiles.

## Cuarta. - Selección

**4.1.-** A selección levarase a cabo en dúas fases. Nunha primeira fase procederase á valoración de méritos das persoas aspirantes, accedendo á segunda fase, que consistirá na entrevista persoal ante o Tribunal, aquelas persoas aspirantes que obtiveran as puntuacións máis altas.

- A valoración dos méritos terá unha puntuación máxima de 90 puntos.
- A entrevista persoal terá unha puntuación máxima de 10 puntos.

**4.2.-** Unha vez recibida a documentación revisada das candidaturas, o Tribunal de Selección, nun **prazo de 5 días hábiles**, procederá a realizar a valoración de méritos, conforme ao baremo establecido no ANEXO I, e elaborará a correspondente acta coa baremación provisional das persoas aspirantes, indicando a puntuación obtida nunha orde decrecente de maior a menor puntuación e a indicación das persoas que pasan á seguinte fase, que será publicada na web da FIDIS.

As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a súa exclusión. A estimación ou desestimación das ditas peticións de emendas entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos exixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

**4.3.-** O tribunal poderá realizar unha entrevista, persoal ou telemática, para revisar e confirmar os aspectos precisos para realizar a baremación. A puntuación máxima nesta fase será de noventa (90) puntos e esixirase un mínimo de sesenta (60) puntos na fase de baremación para pasar a fase de entrevista persoal.

As persoas candidatas que pasen a esta fase realizarán unha entrevista persoal para valorar o grao de adecuación das persoas aspirantes, que será realizada por persoal experto. Nesta fase valoraranse as cuestións relativas á experiencia profesional da persoa candidata, aos seus coñecementos, así como as competencias persoais.

A puntuación máxima obtida na entrevista será de 10 puntos. Para a realización da entrevista dispoñerase dun tempo máximo de 20 minutos.

O Tribunal de selección remitirá á Dirección da FIDIS a acta final e procederá á exposición na web, con datos anonimizados, da listaxe coa puntuación global provisional das persoas aspirantes, con expresión da puntuación obtida nunha orde decrecente de maior a menor puntuación.

**4.4.-** Os empates de puntuación que se puidesen producir resolveranse pola seguinte orde:

- En primeiro lugar, o criterio de desempate será o do xénero infrarrepresentado no grupo profesional ao que opta.
- En segundo lugar, dirimirase o desempate a favor da persoa aspirante que teña un grao de discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%.
- En terceiro lugar, o criterio será o da maior puntuación na entrevista persoal.

## Quinta. - Tribunal de selección

**5.1.-** O tribunal cualificador do proceso será nomeado por resolución da Dirección da FIDIS e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 59 da LEPG, artigo 60 do TRLEBP e artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e o Decreto 95/91, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

**5.2.-** As persoas que formen parte do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas por Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007, e no acordo adoptado no Consello da Xunta do 8 de abril de 2010 así como na normativa interna do Plan Antifraude aprobado polo Órgano de Goberno da FIDIS. A concorrencia de calquera das ditas causas deberá ser comunicada ao órgano convocante.

As persoas aspirantes poderán recusar aos integrantes do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias referidas no parágrafo primeiro consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Dirección da FIDIS publicará a resolución correspondente pola que se nomeen os novos integrantes do tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior e deberá solicitar ás restantes persoas que formen parte do tribunal unha declaración expresa de non atoparse en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

**5.3.-** O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección e ao resto do ordenamento xurídico.

## Sexta. - Contratación

Logo de seleccionada a persoa candidata e presentada a documentación pertinente, procederase á formalización da contratación obxecto desta convocatoria.

Se a persoa candidata seleccionada non presentase a documentación no prazo establecido, ou presentase a súa renuncia á contratación (que se fará mediante solicitude expresa no mesmo prazo sinalado no punto anterior), resultará automaticamente seleccionada a seguinte persoa aspirante segundo a orde de prelación da lista.



### **Sétima. - Norma final**

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos deriven dela ou da actuación do tribunal, con carácter de definitivos ou que, sendo de trámite, decidan sobre o fondo do asunto, poderán ser impugnados polas persoas interesadas no prazo e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En Santiago de Compostela, 24 de abril de 2024

Asdo.: Isabel Lista García

Directora da Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS)

## ANEXO I - BAREMO PARA A VALORACIÓN DE MÉRITOS

|    | MÉRITO                                                                                                                                  | PUNTUACIÓN TOTAL<br>(MÁX. 90 PUNTOS) |
|----|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------|
| M1 | Experiencia acreditada de polo menos 5 anos en Dirección estratéxica e xestión de equipos multidisciplinares no ámbito sanitario.       | 40                                   |
| M2 | Experiencia acreditada de polo menos 5 anos en Deseño e implantación de plans de xestión e sistemas de certificación de calidade.       | 25                                   |
| M3 | Experiencia acreditada de polo menos 5 anos en Desenvolvemento de protocolos de investigación e procedementos normalizados de traballo. | 15                                   |
| M4 | Capacidade de comunicación en inglés (falado e escrito).                                                                                | 10                                   |